O deseño urbano, a mobilidade e o exercicio físico poden contribuir á saúde comunitaria: evidencia científica, experiencias profesionais e debate sobre a súa aplicación.

I XORNADAS CIENTÍFICO - TÉCNICAS

EXERCICIO QUE COIDA
URBANISMO QUE MOVE

MATRICÚLATE AQUÍ



CÁTEDRA Ponteactiva

Universidade de Vigo

Concello de Pontevedra

MATRICÚLATE AQUÍ

10 E 11 DE DECEMBRO DE 2026
Sala de Graos. Facultade de Ciencias da Educación e o Deporte
Campus de Pontevedra. Universidade de Vigo

«Urbanismo que move, exercicio que coida» propón abordar como o deseño urbano, a mobilidade e o exercicio físico poden contribuír á saúde comunitaria. O encontro combina evidencia científica, experiencias profesionais e debate sobre a súa aplicación nas cidades.

Modalidade híbrida, con emisión en directo e posterior acceso ás gravacións.

MATRÍCULA GRATUÍTA

Un encontro aberto e multidisciplinar

A convocatoria oriéntase á comunidade universitaria e investigadora, ao persoal técnico das administracións locais e a profesionais da actividade física, do urbanismo e da saúde. Tamén prevé a participación de entidades de xestión deportiva, colexios profesionais e axentes de innovación e industria do deporte e do benestar.

Acceso presencial e dixital

- Inscricións presenciais e en liña
- Retransmisión en directo e canle de preguntas moderada.
- Gravación e publicación posterior nun repositorio que permitirían ampliar o acceso aos contidos tras o encontro.

CÁTEDRA Ponteactiva

Universidade Vigo

Concello de Pontevedra

XOVES, 10 DE DECEMBRO DE 2026

CIDADES EN MOVEMENTO

- 10:00 - 10:30 Apertura Institucional e Presentación da Cátedra Ponteactiva Concello de Pontevedra, Vicerreitoría do Campus de Pontevedra e Dirección da Cátedra PonteActiva.
- 10:30 – 11:15 Relatorio. **«Urbanismo e actividade física: claves para construír cidades máis saudables, activas e inclusivas»** Relatora Profª Dra. **Susana Aznar Laín** (Catedrática en Actividade Física e Saúde, UCLM).
- 11:15 - 11:45 Pausa - Café / Encontro profesional Networking
- 11:45 - 12:30 Relatorio **«Deseño de espazos urbanos activos e inclusivos: sustentabilidade, evidencia e innovación no exercicio ao aire libre»** Relator **Raúl Fuentes Castell** (Dirección Técnica e de Innovación da empresa Kompan).
- 12:30 - 13:15 Relatorio Marco: **«CITY-MOVE: Intervencións urbanas para aumentar a actividade física e mellorar a saúde»** Relator Prof. Dr. **Juan Carlos Correa Senior**. Fundación Universitaria Juan N. Corpas (Colombia). Investigador/a Proxecto Europeo CITY-MOVE.
- 13:15-13:45 Coloquio xeral Mesa redonda cos relatores, moderación de preguntas da sala e da canle dixital en directo, e balance de peche.

VENRES, 11 DE DECEMBRO DE 2026

ESPAZOS QUE COIDAN

- 10:00 - 10:45 Relatorio **«Espazos urbanos que promoven unha vida activa: o papel do deseño peonil e a mobilidade amable»** Relatora Dra. Arq. **Ana Montalbán Montes**, Arquitecta e Directora Técnica Xeral da «Red de Ciudades que Caminan».
- 10:45 - 11:15 Pausa - Café / Encontro profesional Networking
- 11:15 - 12:00 Relatorio **«WHO European Healthy Cities Network: Estratexias urbanas de saúde e políticas comunitarias activas»** Relatora Dña. **Eva María Díaz Alandi**, Secretaria Tecnica da Rede Española de Cidades Saudables (FEMP).
- 12:00 – 12:45 Relatorio **«Cidades que cuidán y Cuidamos»** Relator D. **Juan Manuel Murua Gonzalez** Fundador de Ecosistema Activo
- 12:45 - 13:30 Coloquio xeral, conclusións e clausura. Mesa redonda cos relatores, moderación de preguntas da sala e da canle dixital en directo, e balance de peche.

MATRICÚLATE AQUÍ



SUSANA AZNAR LAÍN

Catedrática de universidade na Facultade de Ciencias do Deporte da Universidade de Castela-A Mancha (UCLM).

É doutora en Ciencias da Actividade Física e da Saúde pola Universidade de Bristol (Reino Unido) e licenciada en Educación Física pola Universidade de Barcelona. Desenvolve a súa actividade docente e investigadora no ámbito da promoción da actividade física e da saúde, e é responsable do grupo de investigación PAFS (Promoción da Actividade Física para a Saúde) da UCLM. As súas principais liñas de investigación céntranse na avaliación e promoción da actividade física, a saúde en diferentes grupos de poboación, a obesidade infantil e a condición física nas persoas maiores. A súa traxectoria inclúe tamén o deseño e a avaliación de programas de actividade física orientados á prevención de enfermidades e á mellora da calidade de vida.



RAÚL FUENTES CASTELLS

Fitness Business Developer – KOMPAN España

Arquitecto técnico pola Universitat Politècnica de Catalunya (UPC), con formación en Key Account Management por EADA Business School e máis de 17 anos de traxectoria en KOMPAN.

Especializado no desenvolvemento de negocio e a implantación de solucións de fitness ao aire libre, colabora estreitamente con KOMPAN Fitness Institute para integrar a evidencia científica e a innovación no deseño de espazos activos.

Participa en proxectos de transformación urbana como Can Batlló, en Barcelona, traballando con administracións públicas e profesionais do urbanismo para impulsar contornas saudables, inclusivas e sostibles.



JUAN CARLOS CORREA

Juan Carlos Correa Senior é médico, especialista en Manexo Integrado do Medio Ambiente e conta con mestrados en Administración de Empresas e Saúde Pública.

Posúe unha ampla traxectoria profesional de máis de vinte anos no ámbito da saúde pública, desenvolvida tanto no sector público como no privado, en Colombia e no ámbito internacional. A súa actividade profesional e académica abrangue a docencia universitaria, a investigación e a coordinación de proxectos nacionais e internacionais relacionados coa saúde pública, a sustentabilidade e o medio ambiente. Participou en diversas publicacións científicas e forma parte do equipo de investigación vinculado ao proxecto europeo CITY-MOVE, centrado no desenvolvemento e avaliación de intervencións urbanas que promovan a mobilidade activa e contribúan á mellora da saúde e da calidade de vida da poboación.

CÁTEDRA **Ponteactiva**

Universidade de Vigo

Concello de Pontevedra

MATRICÚLATE AQUÍ



ANA MONTALBÁN NAVAS

Arquitecta, máster en Urbanismo. Directora técnica de la Red de Ciudades que Caminan.

Compagina este cargo con la dedicación profesional a la docencia y a la arquitectura, con amplia experiencia en proyectos y obras de transformación del espacio público, así como en planes de accesibilidad y movilidad urbana.

Con su trabajo intenta recuperar el valor del buen urbanismo, entendido como el arte de hacer mejores lugares para convivir.



EVA MARÍA DÍAZ ALANDI

Geógrafa por la Universidad Autónoma de Madrid, es secretaria técnica de la Red Española de Ciudades Saludables (RECS) desde abril de 2025.

Anteriormente, desarrolló su labor en la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) como técnica en la gestión del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, concretamente en el componente 18 («Entornos Saludables»).

Cuenta con más de 10 años de experiencia en la gestión de fondos europeos.



JOSÉ MANUEL MURÚA GONZÁLEZ

Juan Manuel Murua González é economista e consultor independente especializado en xestión deportiva e planificación estratéxica de cidades e territorios.

É fundador de Murua-Sport Innovation, desde onde desenvolve proxectos de asesoramento e innovación no ámbito deportivo. Conta cunha ampla experiencia no deseño de políticas públicas de promoción da actividade física e do deporte. Participou na elaboración de plans estratéxicos deportivos e proxectos de desenvolvemento de cidades activas e saudables en diferentes territorios. Ademais, desenvolve labores de formación e divulgación no ámbito da xestión deportiva e é coautor de publicacións especializadas nesta materia.

CÁTEDRA **Ponteactiva**

Universidade Vigo

Concello de Pontevedra



I XORNADAS CIENTÍFICO - TÉCNICAS

EXERCICIO QUE COIDA
URBANISMO QUE MOVE

MATRICÚLATE AQUÍ

CÁTEDRA
Ponteactiva

Universidade Vigo

Concello de Pontevedra